

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2021/2022

Normativa reguladora máis relevante: [RD 1393/2007](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020.

Denominación do título de Máster proposto	Máster en “Desafíos de las Ciudades Atlánticas”
Centro de impartición na UVIGO	Facultade de Ciencias da Educación
Obxectivos do título	<p>Formar profesionais cunha preparación avanzada que lle posibilite un coñecemento disciplinar transversal para aportar solucións innovadoras e flexibles, capaces de considerar e integrar múltiples e complexos desafíos, compaxinándoos coa atención ás necesidades e expectativas da cidadanía.</p> <p>Promover e procurar unha formación sólida en materia de políticas urbanas, planeamento, urbanístico e intervención socioeducativa que proporcione a adquisición de competencias para o desenvolvemento ou transformación de cidades sostibles, intelixentes, eficientes, resilientes e inclusivas con visos de dar respostas máis robustas aos retos presentes e futuros, para mellorar a calidade de vida das persoas.</p> <p>Acadar unha formación transversal sólida desde os respectivos campos de coñecemento que posibilite o desenvolvemento de competencias sobre as cidades desde unha dimensión: urbana, ambiental, tecnolóxica, económica, socioeducativa, de gobernanza e políticas urbanas.</p>
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	Trátase dun máster institucional
Persoa de contacto no centro	Nome: María Carmen Ricoy Lorenzo
	Email: cricoy@uvigo.es
	Teléfono: 988387065
É a proposta unha unión/refundición ou modificación de oferta xa existente?	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
	Se se trata dunha unión/refundición de títulos, indicar nome/s do/s título/s de orixe: Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe:
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:

<p>É unha proposta de carácter interuniversitario?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:</p> <p>Universidades da Coruña (Coordinadora), Universidade de Minho (Coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Porto, Universidade de Vigo e universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro</p>
<p>Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p>
<p>Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Título interuniversitario. - Carácter internacional. - Orientación laboral ou práctica. - Prácticas garantidas ao alumnado.
<p>Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011</p>	<p>O interese deste máster está, en boa medida, en propor un título singular en colaboración coas universidades da Euro-rexión de Galicia - Norte de Portugal. A combinación das sinerxías resultantes da súa experiencia en educación superior nos campos da cidade e desenvolvemento sostible, ofrecerán respostas robustas aos retos que deben afrontarse nos seus diferentes ámbitos. Asimesmo, garante unha oferta equilibrada de calidade tendo en conta a estrutura económica contextual, as necesidades do mercado de traballo e a existencia de demanda real, coa finalidade de incorporación perfís profesionais asociados a sectores estratéxicos.</p> <p>O máster ofrecerá unha formación avanzada e innovadora dirixida a profesionais que poidan desenvolver a súa labor para reforzar proxectos de cidades sostibles, intelixentes, eficientes, resistentes e inclusivas; contemplando accións de mobilidade para estudantes e profesores, en particular, entre o norte de Portugal e Galicia, así coma aquelas que fomenten o emprendemento e o autoemprego.</p> <p>A docencia deste título preténdese desenvolver nun marco colaborativo e creativo potenciando redes internacionais de calidade, apoiadas polo potencial existente en cada universidade. O máster ofrecerá un currículo transversal que integre a teoría da sustentabilidade coa súa aplicabilidade ás áreas e sistemas urbanos, con baixo consumo de carbono e enerxía renovable, infraestruturas verdes, xestión de recursos naturais, saúde e habitabilidade, transporte,</p>

	<p>movilidade e accesibilidade, recuperación e mantemento do patrimonio, apostando polas tecnoloxías urbanas intelixentes. Atendendo, ademais, a focos relativos aos procesos físicos e socioeducativos e ao fomento da ecoloxía urbana.</p> <p>O público obxectivo está dirixido ás: a) persoas que completaron a súa formación universitaria en diferentes áreas científicas; b) altos cargos públicos, especialmente ao servizo dos concellos; c) alta dirección privada, en particular as empresas de consultoría con intervención en entidades públicas e privadas da do territorio; d) xestores e líderes para unha intervención sostible, dinámica e dialóxica relativa ás cidades, apoiando directamente aos responsables políticos. Este máster tamén tratará de darse a coñecer a posibles candidatos doutros países, particularmente de América Latina e do enclave atlántico.</p>
--	---

•A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de MÁSTER que se pretendan implantar no 2021/2022 é o 20 de febreiro de 2020. Enviar a verifica@uvigo.es